

En Boiro, sendo as 16:20 horas do día 23 de Maio de 2022, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Oferta educativa e organización académica, curso 2022-23
3. Rogos e Preguntas

### 1. Aprobación, se procede da acta anterior.

María Ana Domínguez, directora do IES, sinala que a acta como é costume atópase dispoñible na páxina web para súa lectura. Apróbase a mesma por unanimidade.

### 2. Calendario Definitivo Fin de Curso

María Ana Domínguez indica que se vai a analizar e organizar a oferta formativa do vindeiro curso académico nesta reunión, pero en base a borradores de currículos, xa que os oficiais derivados da LOMLOE non están aínda publicados. Comeza a tratar os seguintes temas:

- Horas de libre disposición en 1º e 2º da ESO: María Ana explica que desaparecen as optativas, agora haberá 2 horas de libre disposición de centro, que se teñen que dedicar a materias que xa existen. A proposta para este centro para esas horas de libre disposición serían as seguintes.

Curso	Hora libre disposición 1	Hora libre disposición 2
1º ESO	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura.
2º ESO	Educación Plástica, Visual e Audiovisual	Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura (a que non se escolla no curso anterior).

Apróbase esta proposta por unanimidade, quedando pendente de escoller en función da dispoñibilidade horaria dos docentes que lingua se adxudicará a cada curso.

- Horas de 1º bacharelato como alternativa a relixión: María Ana Domínguez sinala que a partir do seguinte curso relixión non vai contar con outra materia opcional, senón que mentres que o alumnado acuda a relixión o resto do alumnado estará en “alternativa a relixión”. Proponse que durante esa hora o alumnado que non vaia a relixión traballe comentarios de texto xa que é de utilidade para varias materias. De momento non se lle asigna a ningún departamento esta materia, xa que dependerá da dispoñibilidade horaria dos mesmos. Apróbase por unanimidade.
- Programas de diversificación curricular (PDC): María Ana explica que en principio inspección educativa informou de que non se vai dotar con profesorado adicional ao centro para poder desenvolver o PDC. É por sito que se se intenta ofertar o PDC o vindeiro curso habería que eliminar os desdobres de 1º e 2º da ESO, cursos que van a ter unha matrícula moi ampla que chegará previsiblemente aos 30 alumnos/as. Apróbase por unanimidade intentar ofertar o PDC priorizándoos sobre os desdobres ou agrupamentos.
- Itinerarios de bacharelato: Mariana Dominguez expón que o centro dispón de dous bacharelatos aprobados coas súas modalidades (ciencias e tecnoloxía e ciencias sociais/humanidades). Explícase que para o vindeiro ano para o primeiro curso de bacharelato onde xa se vai a implantar a LOMLOE, a idea da dirección é a de ofertar 4 itinerarios coas seguintes materias pechando as de modalidade que pode escoller cada

alumno, e deixando as descartadas (Tecnoloxía e Enxeñaría I e Literatura Universal) como optativas, xa a oferta do centro é limitada polo número de alumnado que ten en bacharelato

Modalidade de Ciencia e Tecnoloxía		Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais	
<input type="checkbox"/> C. saúde	<input type="checkbox"/> C. técnicas	<input type="checkbox"/> Humanidades	<input type="checkbox"/> Ciencias Sociais
– Matemáticas I [4] – Física e Química [4] – Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais [4]	– Matemáticas I [4] – Física e Química [4] – Debuxo Técnico I [4]	– Historia do Mundo Contemporáneo [4] – Latín I [4] – Grego I [4]	– Historia do Mundo Contemporáneo [4] – Matemáticas Aplicadas ás CCSS I [4] – Economía [4]
Escoller <b>UNHA</b> materia optativa entre as seguintes (todas son 4 horas / semana):			
<input type="checkbox"/> Tecnoloxía e Enxeñaría I <input type="checkbox"/> Literatura Universal <input type="checkbox"/> Anatomía Aplicada <input type="checkbox"/> Cultura Científica <input type="checkbox"/> Antropoloxía <input type="checkbox"/> 2ª Lingua Estranxeira: Francés <input type="checkbox"/> Literatura Galega do S.XX e a Actualidade <input type="checkbox"/> Tecnoloxías da Información e Comunicación I			
Escoller <b>UNHA</b> Materia entre as dúas seguintes (1 hora á semana)			
<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Disposición do Centro (Reforzo na elaboración de Comentarios de Texto)			

Luís Araújo, xefe do departamento de Tecnoloxía, indica que el cre que é importante que tecnoloxía e enxeñaría I se poida ofertar como materia de modalidade e non so como optativa, para que deste xeito a poidan combinar con Tecnoloxías da Información e da Comunicación. Jorge Rodríguez, xefe de estudos, indica que se optou por escoller debuxo técnico en lugar de tecnoloxía porque ten maior ponderación para as carreiras, e porque crese que é unha materia que serve como base a un maior número de graos. Ofertar ambas a mesma hora sería imposible polo escaso número de alumnos matriculados en bacharelato e sobre todo porque os que escollen ciencias técnicas é menor aínda, o que si podería escoller un alumno é debuxo técnico I como de modalidade e Tecnoloxía e Enxeñaría como optativa e deste xeito cursar as dúas, sempre e cando haxa o suficiente número de alumnado que escolla esa opción.

Proponse a votación a oferta explicada no cadro anterior, recordando que ninguén se pode abster, non habendo votos en contra, apróbase por unanimidade esta oferta.

- Informes da terceira avaliación: María Ana Domínguez, recorda, que este ano unha vez realizada a terceira avaliación haberá que enviar aos país da ESO un informe individualizado onde se indique nas partes que ten que recuperar das materias que non teñan superadas. María Ana Domínguez presenta o modelo de informe proposto. Cada profesor debería cubrir un informe relacionado coa súa materia e enviarlla ao titor, para que este recompilara a información das materias que ten suspensas cada alumno. María Ana insta aos profesores a que lle faciliten a información canto antes aos titores xa que estes informes hai que entregalos o día 7 de xuño xunto co boletín de cualificacións. Apróbase o modelo de informe por unanimidade.
- Libros de texto de 1º e 3º da ESO: María Ana Domínguez explica que como o vindeiro curso entran en vigor os novos currículos para 1º e 3º da ESO hai que escoller os libros canto antes para facilitar esa información ao programa Fondo de libros, polo tanto se lle pide ao profesorado que facilite esta información canto antes á vicedirectora.
- Puntualización sobre a avaliación de FPB: Jorge Rodríguez indica que na anterior reunión explicou erroneamente cal sería avaliación de 1º de FPB que se ía realizar o 6 de xuño e cal o 23 do mesmo mes. Aclara que a do 6 de xuño será a 3ª avaliación e ao mesmo tempo a Avaliación final de módulos, e que a do día 23 de xuño será a avaliación final extraordinaria.



- Calendario escolar curso 2022/23: María Ana Domínguez informa que o período de clases lectivas de cara o curso que ven, abranguerá do 8 de setembro ao 21 de xuño e que as programacións deben ser entregadas o 20 de setembro, e que para 1º da ESO, 3º da ESO e 1º de bacharelato xa haberá que realizar a programación nunha aplicación, similar a xa existente en ciclos, e que se denomina Proens.

### 3.- Rogos e Preguntas

Álvaro Beiró, xefe do departamento de música, e titor de 2º da ESO, propón que se peche a aula de 2º da ESO nos recreos.

Sendo as 17:10 horas levántase a sesión.

A DIRECTORA

Asdo.: María Ana Domínguez Pérez

O SECRETARIO

Asdo.: Jorge Rodríguez Martínez

Ausentes:

- Castro Castro, Antonio
- Domínguez Magallón, María del Mar
- Pagán Vázquez, Alberte
- Rivas Cao, Pablo Benito
- Ventín Pena, Rosa
- Galbán Magalón, Carlos José